

Instrucións para RESERVAR os exemplares que queiras levar en préstamo, tanto os dispoñíbeis como os prestados. Quer os da nosa biblioteca quer os de outras.


Vas ao catálogo da biblioteca, e premes onde di “O meu rexistro”

PANTALLA 1



The screenshot shows the 'Catálogo da Biblioteca Universitaria' page. At the top right is the logo of 'UNIVERSIDADE DA CORUÑA' with language links 'gl | es | en'. The main search area includes a 'Palabra Clave' dropdown, a search input field, a 'Busca en' dropdown set to 'Catálogo completo', and a 'Buscar' button. Below the search area are two columns of links. The left column, 'Busca avanzada', includes 'Busca guiada por' (Autor, Título, Título de revista, Materia, ISBN, ISSN) and 'Busca de' (Teses, Traballos Fin Carreira/Grao, Traballos Fin Mestrado, Imaxes, Mapas, Películas, Recursos en liña, Revistas). The right column includes 'Renovar libros', 'Novidades no catálogo', 'Bibliografía recomendada' (por materia de clase, por profesor), 'O meu rexistro', 'Guía de usuario', and 'Tutoriais'. A blue arrow points to the 'O meu rexistro' link.

A seguir aparecerá esta PANTALLA 2



The screenshot shows the 'Verificación de solicitudes' form. At the top right is the logo of 'UNIVERSIDADE DA CORUÑA' with language links 'gl | es | en'. The form title is 'Solicitar As Escolas de fundación en Galiza : unha necesidade social de alfabetización : o caso da provincia de Pontevedra'. Below the title is the instruction 'Por favor introduza a seguinte información:'. The form contains three input fields: 'Escriba os seus apelidos e nome' (Nome), 'Escriba o código de barras da súa tarxeta universitaria' (Código de barras), and 'Escriba o seu PIN' (PIN). Below the fields is an 'Enviar' button. A blue arrow points to the 'Enviar' button.

Cubres os datos e das a ENVIAR:

- Nome e apelidos (é igual a orde)
- Código de barras: a que está na túa tarxeta TIU, son dúas cifras mais o DNI, sen letra.
- PIN: catro díxitos que son persoais. Se non o sabes, no seguinte enlace tes un video explicativo feito por colegas da biblioteca de ciencias onde se che explica como recuperalo. Cando falan de contrasinal, é o contrasinal para entrar na túa conta de correo da UDC: <https://youtu.be/CVU8jT7In8M>.

Importante: as persoas usuarias externas deben chamar por teléfono á biblioteca para recuperalo. Normalmente poñemos o DNI sen letra, mais pode ser que a persoa usuaria decidira cambiálo nalgún momento.

A seguir aparecerá esta **PANTALLA 3**

The screenshot shows the library website interface. At the top right is the logo of the Universidade da Coruña. Below it, the user is identified as 'Gutiérrez Calvete, María José' with their affiliation 'FAC. DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN A CORUÑA'. A blue arrow points to the search bar area, which is highlighted with a blue circle. The search bar contains a dropdown menu for 'PALABRA CLAVE', a text input field, a dropdown for 'Catálogo completo', and a 'Busca' button. Below the search bar are buttons for 'Ordenar por data de devolución', 'Renovar todo', and 'Renovar marcado'. A table below shows a list of items, with one item 'The living mountain. Español' highlighted. A blue arrow on the left points to the user profile information.

Inicio | O meu rexistro | Biblioteca Universitaria

Desconectar | O meu rexistro

Gutiérrez Calvete, María José
FAC. DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
A CORUÑA
A Coruña
15071
981279146
Caduca: 11-12-2020
Bloqueado ata: - -

0 Reservas (reservas).
Buscas preferidas
O meu historial de lectura
As Miñas Listas

PALABRA CLAVE Catálogo completo Busca

Limitar a procura a exemplares dispoñibles

Ordenar por data de devolución | Renovar todo | Renovar marcado

RENOVAR	TÍTULO	CODIGO DE BARRAS	ESTADO	SIGNATURA
<input type="checkbox"/>	The living mountain. Español	1701048710	VENCE 22-06-20 Renovado 11 veces	L-4734


Ordenar por data de devolución | Renovar todo | Renovar marcado

É a do teu rexistro, co teu nome á esquerda. O marcado na frecha vertical é o catálogo da biblioteca. Abres o desplegable onde pon palabra clave e podes procurar por autorías, título, materias e palabra chave.

Aproveitamos para indicar unha utilidade deste servizo que pode resultar do teu interese: a frecha esquerda marca "O meu historial de lectura". Premendo aí unha vez fica activado para sempre e significa que ficarán aí rexistrados todos os documentos que leves da biblioteca dende a data de activación.

Cando atopas o exemplar que queiras, das a RESERVAR (olla a pantalla 4 da páxina seguinte)

PANTALLA 4



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Inicio | O meu rexistro | Biblioteca Universitaria

Inicio Reservar Engadir ás Miñas Listas Engadir á cesta Visualización MARC Volver á listaxe Modificar/Limitar busca Máis como este

PALABRA CLAVE: escolas Catálogo completo Busca

Limitar a procura a exemplares dispoñibles

57 resultados atopados. Ordenado por relevancia | data | título

Rexistro anterior | Rexistro seguinte

Autor: Obelleiro Piñón, Luis.
Título: As Escolas de fundación en Galiza : unha necesidade social de alfabetización : o caso da provincia de Pontevedra
Publicación: Vigo : A Nosa Terra, 2007.

Ubicación	Signatura	Estado	Prestamo	NOTA
CC da Educación	P1-3632	AVAILABLE	PRÉSTAMO NORMAL	
CC da Educación	P1-1339 c.2	AVAILABLE	PRÉSTAMO NORMAL	
Socioloxía-Comunicación	S15-D-187	AVAILABLE	PRÉSTAMO NORMAL	

Recursos

Texto, accesos

BU. Santiago
BU. Vigo

Enlace Permanente

Inicio | O meu rexistro | Biblioteca Universitaria

Logo aparece esta pantalla, onde **marcas** que exemplar queres , e logo das a SOLICITAR O EXEMPLAR SELECCIONADO

PANTALLA 5



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Inicio | O meu rexistro | Biblioteca Universitaria

Formulario de selección de exemplar

Solicitar As Escolas de fundación en Galiza : unha necesidade social de alfabetización : o caso da provincia de Pontevedra

Seleccionar un exemplar da lista:

Marcar	Ubicación	Signatura	Estado	Prestamo	NOTA
<input checked="" type="radio"/>	CC da Educación	P1-3632	AVAILABLE	PRÉSTAMO NORMAL	
<input type="radio"/>	CC da Educación	P1-1339 c.2	AVAILABLE	PRÉSTAMO NORMAL	
<input type="radio"/>	Socioloxía-Comunicación	S15-D-187	AVAILABLE	PRÉSTAMO NORMAL	

SOLICITAR O EXEMPLAR SELECCIONADO

Inicio | O meu rexistro | Biblioteca Universitaria

E aparece esta nova **PANTALLA 6** para indicar onde queres recoller o exemplar (na frechiña negra ábrese un desplegable con todos os puntos de servizo da biblioteca da UDC). Das a ENVIAR.

Inicio | [O meu rexistro](#) | [Biblioteca Universitaria](#) UNIVERSIDADE DA CORUÑA
gl | es | en

Inicio


Biblioteca de recollida
Educacion

Enviar Cancelar

Inicio | [O meu rexistro](#) | [Biblioteca Universitaria](#)

E aparece esta derradeira **PANTALLA 7**, onde di que a reserva foi feita e que RECIBIRÁS UN CORREO-E CANDO ESTEA DISPOÑÍBEL

Inicio | [O meu rexistro](#) | [Biblioteca Universitaria](#) UNIVERSIDADE DA CORUÑA
gl | es | en

Desconectar  [O meu rexistro](#)

Inicio Visualización normal

A súa solicitude

A súa petición para *As Escolas de fundación en Galiza : unha necesidade social de alfabetización : o caso da provincia de Pontevedra* foi procesada.

RECIBIRÁ UN E-MAIL PARA RECOLLER ESTE MATERIAL EN Educacion CANDO ESTEA DISPOÑÍBEL.

Inicio | [O meu rexistro](#) | [Biblioteca Universitaria](#)

Se queres reservar outro exemplar, tes que premer onde indica a frecha azul, onde pon “O meu rexistro” ao lado da figura en azul. Lévatete de novo á **PANTALLA 3**.

Non premas en “O meu rexistro” que aparece na primeira barra á esquerda, ao lado de Inicio, porque te levaría á PANTALLA 2 e terías que volver cubrir os datos.

Ten en conta que aparte do que poidan tardar os libros en chegar doutras bibliotecas (máximo tres días polo xeral), pode que os libros que pidas estean en corentena (no catálogo aparecen como prestados) e iso pode facer que tarden máis ou menos en estar dispoñíbeis.

O aviso do correo chegarache así:

Biblioteca da Fac. de Cc da Educación
Universidade da Coruña
Campus de Elviña

María José Gutiérrez Calvete
FAC. DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN
A CORUÑA

O material que reservou xa esta a súa disposición na Biblioteca.

Solicite cita previa para levalo en préstamo

https://www.udc.es/gl/biblioteca/gestion_online/cita-previa/



Se no prazo de tres días non o recolleu cancelaremos a súa reserva.
Para máis información diríxase á biblioteca do seu centro.

AUTOR:Obelleiro Piñón, Luis.
As Escolas de fundación en Galiza : unha necesidade social de alfabeti
SIGNATURA:P1-3632
COD BARRAS: 1700783042
UBICACION:CC da Educación
RECOGER EN:Educacion HASTA: 09-06-20

Xa tes no propio correo o enlace para pedir a cita previa.

É preciso que pidas a cita na biblioteca onde pediches recoller os exemplares.

Repara que tes 3 días para recoller os exemplares. Se non pides cita neses días, a reserva anularase.

PARA RENOVAR EXEMPLARES

-Vía telefónica (881 01 4643)

-En liña. Entrás no catálogo da biblioteca onde di: O meu rexistro. Cubres os datos e aparece o que tes prestado. Daslle a RENOVAR. Volve preguntar se queres renovar, decíndolle que si aparece a nova data de devolución A NON SER que teña unha reserva. Cando sexa así, tes que devolver o exemplar á biblioteca.

Recibe un cordial saúdo

María Gutiérrez Calvete
Directora da biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación